



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DE GALICIA DUN EPISODIO DE VAGA DE CALOR

DATA DE ENVÍO: 04/08/2025

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: NIVEL 3 (VERMELLO)

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, no marco do "Plan de Actuacións da Xunta de Galicia fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde" informa ás 14:18 horas de hoxe, dunha actualización do **episodio de vaga de calor** para hoxe luns 4 de agosto:

Queda en **NIVEL 3 VERMELLO** a zona do MIÑO en Pontevedra e VALDEORRAS de Ourense

Queda en **NIVEL 2 LARANXA** as zonas de LITORAL en Pontevedra e SUROESTE da Coruña

Queda en **NIVEL 1 AMARELO** as zonas de MIÑO, SUR e MONTAÑA de Ourense

Para mañán día 5:

Queda en **NIVEL 3 VERMELLO** a zona do LITORAL en Pontevedra e VALDEORRAS de Ourense

Queda en **NIVEL 2 LARANXA** as zonas de MIÑO en Pontevedra e SUROESTE da Coruña

Queda en **NIVEL 1 AMARELO** as zonas de MIÑO, SUR e MONTAÑA de Ourense

Este fenómeno **afectará á Comunidade Autónoma** ata o xoves día 7 de agosto.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións, transmitindo e informando a cidadanía que participe en eventos, do tipo que sexa, das medidas de autoprotección que deben adoptar.

SE CHEGAN A DARSE AS PREDICIÓNS, PRODUCÍNDOSE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENCIA DEBERÁ INFORMAR A ESTE CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es